

NOTIFICACIÓN

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 21 de outubro de 2024, adoptouse o seguinte acordo:

“4. PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DAS BASES, EN CONCEPTO DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO E PROMOCIÓN, EN XERAL, DA EDUCACIÓN FÍSICA E DO DEPORTE A CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA. ORZAMENTO DO 2024.. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024015175). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Deportes, que textualmente di:

“NORMATIVA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locaisLei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.
- PLAN ESTRATÉXICO de SUBVENCIÓNS do CONCELLO de FERROL 2024-2026 (líña estratéxica 4.3 Promoción e Fomento do Deporte, subvencións de concorrência competitiva)
- Instrucción 2/2024 do Concelleiro delegado de Alcaldía, Promoción Económica e Emprego, Fondos Europeos, Participación e Atención Cidadá, Organización Interna e Contratación de data 20/03/2024 para a tramitación de bases específicas reguladoras de subvencións no Concello de Ferrol.

Polo concelleiro delegado especial de Deportes, ordenouse a tramitación do expediente correspondente ao programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do deporte en réxime de libre concorrência mediante providencia de data 19/04/2024.

En execución de dita orde, iníciase o trámite en Cividas do expediente 2024015175, no que se incorporan, as bases e informe correspondente elaborado pola técnica de Deportes de data 19/06/2024.

As resolucións que se adopten nesta materia son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do

Réxime Local e no acordo da propia Xunta de Goberno Local de data 11/12/2023 (BOP n.º 241 de 20/12/2023).

A aprobación do expediente deberá ir precedida do informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Municipal.

En consecuencia, **propoño adoptar os seguintes acordos:**

Primeiro.- Aprobar as Bases específicas que rexerán o programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte, orzamento 2024 – que se incorporan como anexo á presente proposta.

Segundo.- Aprobar o importe correspondente ao gasto da dita subvención pola contía de 146.843,62 €, dito gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 05004 3411 48000 dos cales:

- 131.843,62 € irán con cargo a crédito libre.
- e 15.000 € irán con cargo ao RC 224105141, ref. 2073 derivado do expediente 2024023814 – M.C.56/2024 suplemento de crédito 04/2024.

Terceiro.- aprobar a convocatoria pública para o Programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte, orzamento 2024 e a remisión dun extracto á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP de A Coruña a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Asinado pola xefa do Negociado de Deportes, o xefe do Servizo de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Turismo e polo concelleiro delegado especial de Deportes”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

No Concello de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

O Concelleiro Secretario da XGL

D. Javier Pastor Díaz Mosquera